

# ***NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO GRUPO DE TRABALLO DO CONSELLO FORESTAL DE GALICIA PARA A REDACCIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA***

## ***Primeiro. Ámbito de aplicación***

Estas normas son de aplicación para o Grupo de Traballo (en adiante GT) creado no seo do Consello Forestal de Galicia.

## ***Segundo. Tarefas do grupo de traballo***

O GT creado terá as seguintes tarefas:

- Propoñer e aprobar un conxunto directrices que deberá conter e desenvolver, a revisión do Plan Forestal. Entendendo que ditas directrices definirán o modelo de monte galego que se quere para o futuro.
- Expoñer ao Consello Forestal de Galicia, e á sociedade galega en xeral, ditas directrices de actuación, a través da persoa ou persoas coordinadoras.
- Propoñer achegas, comentarios e suxestións aos contidos que se vaian desenvolvendo do Plan Forestal de Galicia, velando porque se recollan axeitadamente as directrices desenvolvidas.

## ***Terceiro. Composición, designación e renovación dos membros do grupo de traballo***

O GT estará baseada na composición do Consello Forestal de Galicia, creado ao abeiro do artigo 12 da Lei 7/2012, de 8 de xuño, de 2012, e desenvolvido mediante os seguintes Decretos:

- Decreto 306/2004, de 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.
- Decreto 547/2005, de 20 de outubro, polo que se modifica o Decreto 306/2004, de 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.
- Decreto 33/2010, de 11 de marzo, polo que se modifica o Decreto 306/2004, de 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

Todos aquelas organizacións ou asociacións vinculadas á composición do dito Consello Forestal de Galicia poderán expresar a súa disposición de formar parte do GT, debendo para elo dirixirse, de forma escrita, á Secretaría do Consello Forestal de Galicia comunicando dita intención ata o momento da súa constitución definitiva.

Será necesario que cada organización ou asociación que amose o seu interese remita, en dita comunicación, os datos persoais, de contacto (telefónico e enderezo electrónico), necesarios para a súa alta dentro do GT. Cada organización ou asociación só disporá dun único representante no GT, e para elo disporá dun membro titular e un suplente.

O GT estará coordinado e presidido por unha ou varias persoas, designadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar, de recoñecido prestixio e traxectoria profesional vinculada ao sector forestal en Galicia.

Para o desenvolvemento das súas funcións a persoa ou persoas que compartan a coordinación contarán cunha Secretaría Permanente, composta por 2-3 persoas pertencentes á Consellería do Medio Rural.

A substitución e a baixa dos membros do grupo de traballo poderá efectuarse en calquera momento, previa notificación por escrito á Secretaría Permanente.

#### ***Cuarto. Funcións da persoa ou persoas coordinadoras do grupo de traballo***

As funcións da persoa ou persoas que compartan a coordinación do grupo de traballo serán as seguintes:

- Dirixir e coordinar os traballos do grupo.
- Acordar as convocatorias das xuntanzas, remitindo, previamente a celebración de ditas xuntanzas, a orde do día e canta información anexa sexa necesaria para o seu correcto desenvolvemento.
- Presidir, dirixir e coordinar as xuntanzas que se celebren. Propoñer cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento das tarefas do GT.
- Establecer os prazos de presentación dos traballos previstos, segundo o acordado polo GT.
- Informar da marcha e presentar os traballos elaborados polo grupo ou subgrupos, das convocatorias das súas reunións e de calquera incidencia que se produza no grupo de traballo ao Consello Forestal de Galicia, a iniciativa propia ou a petición do Consello Forestal de Galicia.
- Informar e organizar o conxunto de información que se vaia recompilando e xerando no seo do GT, poñéndoo a disposición, mediante medios dixitais, dos membros que compoñen o GT.
- Invitar, de forma xustificada, a expertos que poidan expor o seu criterio técnico aos membros do GT para determinadas cuestións ou materias, atendendo ás posibles propostas de expertos feitas polos SGT. Dita participación será citada de forma expresa na orde do día remitida.
- Dirixir, de ser necesario, as votacións que se produzan no GT, segundo o método de votación exposto a continuación.

A persoa ou persoas encargadas da coordinación traballarán en estreita colaboración coa Secretaría Permanente, a cal terá como principal función o apoio, soporte técnico e administrativo que conleve o desenvolvemento das tarefas asignadas ao presente GT.

#### ***Quinto. Dereitos e Obrigas dos membros do GT***

Os membros do grupo teñen o dereito de:

- Solicitar a inclusión de temas a tratar na orde do día.

- Propoñer que se voten as propostas que formulen para a súa aprobación como acordo do GT.

Os membros do grupo de traballo deberán:

- Participar activamente nas actividades e traballos que desenvolva o GT.
- Atender en prazo ás peticións da persoa ou persoas coordinadoras do GT.
- Ser respectuosos coa persoa ou persoas coordinadoras do GT, resto dos membros que compoñen o GT, e o persoal da Secretaría Permanente. O incumprimento desta obriga poderá supor a expulsión do membro da xuntanza, e no caso de que persista ou se repita reiteradamente dita actitude conlevará a expulsión definitiva do membro no GT.

#### **Sexto. *Da aprobación de acordos polos membros do GT***

O GT nace para dar resposta á demanda da sociedade galega para que se acorde o modelo de monte que se desexa para Galicia no futuro. De xeito preferente, os coordinadores buscarán acadar acordos por unanimidade ou asentimento, deixando para casos imprescindibles o recurso a votación. Neste contexto enténdese non suficiente a maioría simple dos presentes nas votacións, que tras non acadar acordos unánimes, sexan necesarias.

A aprobación do GT dos acordos que se leven a votación deberá contar cando menos coa maioría simple dos membros presentes na votación, ostentando cada membro un voto. Nas actas levantadas quedará reflectido o resultado de cada votación, sinalando que a decisión foi unánime / maioritaria / minoritaria, deixando en calquera caso constancia nomeada daquelas organizacións que amosaron o seu voto en contra, e de ser o caso, as razóns expostas.

A tal fin é necesario sinalar que:

- A persoa ou persoas coordinadoras do grupo de traballo terán voz pero non voto.
- O persoal que compoñe a Secretaría Permanente terá voz pero non voto.
- Cada un dos membros do GT terá voz e voto, pero dito voto non será delegable noutro membro do GT por ausencia.
- As persoas expertas que poidan participar nas xuntanzas dos GT terán voz pero non voto.

#### **Sétimo. *Actas e documentos do grupo de traballo***

A Secretaría Permanente levantará Acta das xuntanzas que se celebren do GT. Cada Acta será remitida previamente á convocatoria da seguinte xuntanza aos membros do GT, quen a deberá aprobar en dita xuntanza.

#### **Oitavo. *Seguimento e Avaliación do grupo de traballo***

A Secretaría Permanente elaborará trimestralmente un informe sobre o grao de consecución das tarefas encomendadas ao GT, sinalando retrasos, fitos críticos e calquera outra consideración necesaria. Dito informe será enviado aos membros do GT e presentado en xuntanza, incluíndoo polas persoa ou persoas coordinadoras na orde do día.